



# II Premio Galicia de Xornalismo Científico

O papel determinante que exercen a ciencia e a tecnoloxía no desenvolvemento económico e o benestar social dun país son a día de hoxe indiscutibles.

Por iso, comunicar a ciencia á sociedade galega, facendo partícipe á cidadanía dos achádegos científicos e tecnolóxicos e/ou as súas aplicacións, así como tamén os casos de transferencia de coñecemento ás empresas galegas, convértese nunha prioridade para que ese papel dominante do coñecemento implique a todos os galegos e galegas. Sabemos que os medios de comunicación poden contribuir dun xeito decisivo a acadar este obxectivo e que, polo tanto, procede estimular e recoñecer as actividades de comunicación da ciencia e da tecnoloxía entre os/as

profesionais do xornalismo dos medios de comunicación galegos.

Por estes motivos, a **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, coa colaboración da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, convoca a segunda edición do **Premio Galicia de Xornalismo Científico**, de acordo coas seguintes bases:

## 1ª.- Características da proposta:

A proposta debe consistir nunha peza xornalística de carácter informativo en formato escrito ou audiovisual **publicado ou emitido entre o 1 xullo de 2016 e o 30 de abril de 2017 en calquera medio galego** (ou edición galega dun medio estatal): diarios dixitais ou en papel, radio ou televisión.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



# II Premio Galicia de Xornalismo Científico

Debe responder aos xéneros da **noticia, a crónica ou a reportaxe** (quedando excluídos expresamente as entrevistas e os artigos).

Poderá ter como tema principal **calquera aspecto relacionado coa ciencia desenvolvida en Galicia** (achádegos, difusión do labor de grupos ou centros de investigación, posibles aplicacións dos resultados da investigación, casos de éxito de transferencia de resultados ao mercado, etc).

## 2ª.- Dotación:

A dotación será de **4.000€ netos** e irá acompañada dun diploma acreditativo (no caso de ser un equipo, entregarase un diploma a cada un dos seus membros).

## 3ª.- Quen pode concorrer:

Poderá concorrer a este premio **calquera xornalista a título individual ou en**

**equipo**, que desenvolva a súa actividade en medios de comunicación de Galicia ou en edicións galegas de medios estatais.

Establecese un **límite de tres traballos presentados por persoa** (xa sexa de xeito individual ou en equipo). En caso de recibir máis propostas procedentes dun mesmo candidato/a, só serán valoradas polo xurado as tres primeiras por orde de recepción.

## 4ª.- Documentación a presentar:

Os/as candidatos/as deberán presentar un escrito que conteña:

- os seus **datos persoais e de contacto** (nome, apelidos, domicilio, teléfono, correo electrónico).
- un breve **currículum**.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



# II Premio Galicia de Xornalismo Científico

- o **título** da peza xornalística, nome do **medio** e **data** de publicación ou emisión.
- no caso de que o contido estea dispoñible en internet, indicar a **URL** na que pode accederse a el.
- **acreditación** emitida polo medio de que o/a xornalista traballa para el, mesmo se é en réxime de colaboración, sempre que sexa habitual.

O escrito irá acompañado de:

- No caso de tratarse dun **traballo en prensa escrita en papel**, seis copias en papel da páxina/s na/s que apareza ou un pendrive que conteña o escaneado da/s páxina/s completas nas que se publicou (vista enteira da/s páxina/s incluíndo as guías superiores nas que aparece o nome do medio, a data e a paxinación). Os arquivos deben estar gravados no pendrive de maneira que poidan ser copiados e enviados por medios telemáticos (en PDF para enviar vía mail ou a través de ferramentas tipo Box, Google Drive ou WeTransfer) aos membros do xurado.
- No caso dos traballos correspondentes a **radio e televisión** enviarase un exemplar de DVD ou pendrive, con certificación da data de emisión procedente da cadea ou emisora. Os traballos de radio presentaranse en formato dixital reproducibile mediante os programas convencionais de audio (Media Player ou Real Player). Os traballos de televisión presentaranse en formato DVD-Video.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



# II Premio Galicia de Xornalismo Científico

- En todos os casos, os arquivos deben estar gravados nos soportes (DVD ou pendrive) de maneira que poidan ser copiados e enviados por medios telemáticos (ferramentas tipo Box, Google Drive ou WeTransfer) aos membros do xurado. En caso de enviar os traballos en formatos protexidos ou non aptos para a copia no disco duro dun ordenador estándar, deberanse enviar seis exemplares.
- Dos traballos correspondentes a **periodismo dixital** presentase un pendrive, con certificación da data de publicación emitida polo medio correspondente. Os arquivos deben estar gravados no pendrive de maneira que poidan ser copiados e enviados por medios telemáticos (en PDF para enviar vía mail ou a través de ferramentas tipo Box, Google Drive ou WeTransfer) aos membros do xurado.
  - No caso dunha peza xornalística realizada **en equipo**, autorización firmada polos/as outros/as compoñentes do equipo, para concorrer ao premio.

## 5ª.- Prazo e lugar da presentación:

O prazo para presentar a documentación rematará o **22 de xuño de 2017** ás 13 horas. A documentación será presentada presencialmente ou enviada por correo postal ou mensaxería, con acuse de recibo, á Real Academia Galega de Ciencias. Facultade de Química.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



# II Premio Galicia de Xornalismo Científico

Avenida das Ciencias s/n.  
Campus Vida. 15782  
Santiago de Compostela.

## 6ª.- Xurado:

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC e contará con catro vogais, dous/dúas designados/as por GAIN e dous/dúas designados/as pola RAGC, entre os/as que haberá **profesionais de recoñecido prestixio** relacionados/as cos ámbitos da comunicación e da divulgación científica.

## 7ª.- Outras observacións:

A entrega do premio terá lugar o 4 de outubro, durante o acto no que se celebra o **Día da Ciencia en Galicia**.

O/s gañador/es do premio autoriza/n expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os

contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo. Aplicaranse aos premios as retencións que, de ser o caso, estean previstas na vixente norma tributaria. O importe neto ao que se refire o punto 2 da convocatoria é o importe a percibir, unha vez feita a correspondente retención.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídos os/as candidatos/as que non se axusten ás mesmas. Os/As autores/as non premiados/as poderán solicitar a devolución da súa documentación no prazo de 3 meses despois da publicación do fallo.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA  
DE GALICIA

galicia